

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE XULLO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 2 de xullo de 2014.

**ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento das parcelas matrices 100 e 101, do polígono 328, sita en Matelo-Alta, parroquia de Santa María Alta; para parcelamento das parcelas matrices números 104 e 105, polígono 94, núcleo rural as regas-zarra, parroquia de San Salvador de Muxa; para a actuación de fachada consistente en ampliación dunha ventá e convertela en porta, no planta baixa do edificio con licenza 880/05, sito na rúa Pena do Rei, número 2; para instalación térmica do edificio para residencia xeriátrica construído con licenza urbanística número 189/2012, na avda. Infanta Elena, Duquesa de Lugo, parcela C, sector I. SUNP, ING e para a modificación e ampliación de vivenda unifamiliar con licenza número 390/82, sita no núcleo rural tradicional de Bagueixos (Cardelle), número 39, parroquia de San Xoán de Tirimol.

**ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**2. PERSOAL.-** Acórdase a autorización para realizar servizos extraordinarios por unha funcionaria, adscrita ao Servizo de Enxeñería e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a designación dos membros do tribunal cualificador do procedemento selectivo para a selección de 5 socorristas para a realización da obra "Vixilancia e salvamento acuático en áreas recreativas fluviais con zonas de baño".

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	17/07/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PW7qDMN0OdqyhMXhFhCTng==	PÁGINA	1/2



**3. ACTAS E GOBERNO.-** Acórdase aprobar a proposta da Alcaldía de designación de patroa na fundación “Galicia Obra Social”.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a prórroga do polo prazo dun ano contado con efectos retroactivos dende o 14 de xuño de 2014 ata o 13 de xuño de 2015 do contrato administrativo correspondente ao servizo de mantemento do equipamento informático dos postos de traballo do concello de Lugo.

Acórdase a desestimación da solicitude de suspensión do acordo de exclusión da mesa de contratación da asociación provincial de reparación y venta de automóviles y recambios (aprevar) licitadora para os lotes 1 e 3 na contratación da docencia especializada (formación específica) mediante lotes no marco do proxecto “Lugo emprego activo 2” cofinanciado nun 80% pola ue a través do Fondo Social Europeo (código proxecto: 112410004).


**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:**

- Acórdase a nova apertura do período de licitación tras o levantamento da suspensión do procedemento acordada polo Tribunal administrativo central de recursos contratuais e a continuación do procedemento na contratación da xestión do servizo público de transporte regular de viaxeiros na modalidade de concesión no Concello de Lugo.

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**

Código Seguro de verificación:PW7qDMN0OdqyhMXhFhCTng==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	17/07/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PW7qDMN0OdqyhMXhFhCTng==	PÁGINA 2/2



PW7qDMN0OdqyhMXhFhCTng==